



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las medidas que va a adoptar el Gobierno para evitar la fuerte bajada de precios de la leche en origen que se prevé en la firma de los contratos a finales de marzo.**

El sector lácteo gallego ha estado padeciendo, en los últimos años, una fuerte volatilidad de los precios en origen, que desestabilizaban constantemente a los productores y productoras, generando un ambiente de inseguridad que no propicia el entorno necesario para afrontar nuevos proyectos o incluso la continuidad de los ya existentes.

Fruto de esa inestabilidad y de la necesidad de una gran evolución en las ganaderías del país que las transformó totalmente, tanto a nivel de instalaciones, genética y profesionalización, como de bienestar, se configura ahora el mapa del sector en Galicia, donde apenas unas 5.000 explotaciones producen algo más del 40% de la leche de todo el Estado.

Así, frente al elevado número de granjas presentes en el territorio en los años noventa, cuando había registradas más de 90.000, en la actualidad este sector concentra cada vez más animales, desapareciendo a gran velocidad las explotaciones de pequeño y mediano tamaño, al ritmo de casi un titular al día que deja la actividad. Las explotaciones son fuertemente penalizadas en los precios por una industria que prima la cantidad sobre la calidad, y abandonan una actividad que deja día a día más territorio sin gestionar en el país y menos población en el medio rural, donde la ganadería había garantizado hasta ahora que las casas no quedasen vacías.

La leche que sale de las granjas gallegas tiene una alta calidad en cuanto a grasa y proteína y una seguridad alimentaria excepcional pero, contradictoriamente, se paga a un precio que se encuentra siempre por debajo de la media estatal, a pesar de ser, ahora mismo, quien suministra la mayor parte del producto que llega a la industria.

Las noticias recientes sobre la posible bajada de precios con la llegada de los nuevos contratos a las explotaciones en el mes de marzo, ya que el 90% de los ganaderos renovarían su contrato el 1 de abril, dejan una sensación de incertidumbre en los productores, que ven



cómo el precio no varía en distribución pero sí lo hace en origen, en este caso con bajadas que amenazan con superar los 6 céntimos por litro. Sin embargo, las subidas no se trasladan con la misma agilidad, pues tardaron meses en hacerse efectivas en Galicia en su momento y nunca en la misma medida que en el resto del estado y la UE. Ahora, una vez más, los productores y productoras deberán enfrentarse a un descenso impuesto por la industria en el que prácticamente no tienen capacidad de maniobra, ya que no son ellos quienes marcan el precio de su producto y no se tiene en consideración el coste de producción, dejándolos en una situación de total indefensión.

Ante la constatación de la necesidad de producto por parte de la industria, que ahora mismo ve a Galicia como el único territorio del Estado capaz de garantizar el suministro a medio-largo plazo, y más teniendo en cuenta que el Estado español es deficitario en leche, es preciso que las distintas administraciones con competencia en esta materia actúen con celeridad.

Es prioritario asegurar el cumplimiento de la Ley de la Cadena Alimentaria y que los ganaderos y ganaderas de Galicia reciban un precio de la leche que cubra el coste y, como mínimo, el mismo precio que se está pagando en el resto del Estado a los productores.

Además, el Gobierno debe promover el diálogo con la industria láctea y participar en las negociaciones para evitar una posible bajada del precio que tendría un impacto inasumible para las explotaciones y asegurar una remuneración justa. De lo contrario, la administración estará consintiendo con su inactividad la situación de indefensión e impotencia por la falta de capacidad de negociación en la fijación de los precios. En definitiva, es urgente que el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación asegure el cumplimiento de la Ley de la Cadena Alimentaria y defienda los intereses de un sector de vital importancia en Galicia, tanto a nivel económico como territorial.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué acciones ha llevado o va a llevar a cabo el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para impedir la fuerte bajada de los precios de la leche en origen que se prevé en la firma de los nuevos contratos a finales del mes de marzo y que no responde a una bajada de los costes de producción?
2. ¿Ha mantenido contactos con la industria láctea para informarse de los motivos de la bajada de precios en los nuevos contratos y requerir que se mantengan?



3. ¿Qué valoración hace el Ministerio de que Galicia sea la mayor productora de leche del conjunto del Estado pero, no obstante, las y los productores gallegos sean quienes reciben un menor precio por litro de leche en origen?
4. ¿Comparte el Ministerio de Agricultura que el mantenimiento del sector lácteo gallego es fundamental para el futuro de la industria a medio y largo plazo y que, para ello, es imprescindible asegurar un precio justo a las productoras y los productores?
5. ¿Desplegará el Ministerio de Agricultura todas las medidas de control y supervisión establecidas en la Ley de la Cadena Alimentaria para asegurar una remuneración justa a los productores y productoras de leche?
6. ¿Qué medidas adoptará para reforzar la posición negociadora de las y los productores frente a la industria y garantizar que se establezca un precio que cubra los costes de producción?
7. ¿Comparte que, atendiendo ahora al incremento de los costes de producción derivados del proceso de inflación después de la guerra de EE. UU. e Israel en Oriente Medio, es más urgente que nunca asegurar que los nuevos contratos contemplen esta realidad?

En Madrid, a 20 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAR. 2026 13:02:59

Entrada **107340**

Para garantir prezos xustos en orixe no sector lácteo galego

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás medidas que vai adoptar o Goberno para evitar a forte baixada de prezos do leite en orixe que se prevé na sinatura dos contratos a finais de marzo.**

O sector lácteo galego veu padecendo, nos últimos anos, unha forte volatilidade dos prezos en orixe, que desestabilizaban constantemente aos produtores/as, xerando un ambiente de inseguridade que non propicia o entorno necesario para enfrentar novos proxectos ou mesmo a continuidade dos xa existentes.

Froito desa inestabilidade e da necesidade dunha grande evolución nas ganderías do país que as transformou totalmente, tanto a nivel de instalacións, xenética e profesionalización, coma de benestar, confórmase agora o mapa do sector na Galiza, onde unhas escasas 5.000 explotacións producen algo máis de 40% do leite de todo o Estado.

Así, fronte ao elevado número de granxas que enchía o territorio nos anos 90, cando estaban rexistradas máis de 90.000, a actualidade deste sector concentra cada vez máis animais, desaparecendo a grande velocidade as explotacións de pequeno e mediano tamaño, con case un titular que deixa a actividade ao día. As explotacións son penalizadas fortemente nos prezos por unha industria que prima a cantidade sobre a calidade, abandonan unha actividade que deixa día a día máis territorio sen xestionar no país e menos poboación no rural, onde a gandería garantiu até o de agora que non se baleirasen as casas.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAR. 2026 13:02:59

Entrada **107340**



O leite que sae das granxas galegas ten unha alta calidade en canto a graxa e proteína e seguranza alimentar excepcional mais, contraditoriamente, é pagado a un prezo que se atopa sempre por debaixo da media estatal, a pesar de ser, agora mesmo, quen subministra a maior parte do produto que chega á industria.

As novas recentes sobre a posíbel baixada de prezos coa chegada dos novos contratos ás explotacións no mes de marzo, xa que 90% dos gandeiros renovarán o seu contrato o 1 de abril, deixan unha sensación de incerteza nos produtores, que ven como o prezo non varía en distribución pero si o fai en orixe, neste caso con baixadas que ameazan con superar os 6 céntimos por litro. Porén, non se produce a repercusión das subidas coa mesma axilidade, pois tardaron meses en facerse efectivas na Galiza no seu momento e nunca na mesma medida que no resto do estado e a UE. Agora, mais unha vez, as e os produtores deberán enfrentar un descenso imposto pola industria no que non teñen practicamente capacidade de manobra, xa que non son eles quen marcan o valor do seu produto e non se ten en consideración o custo de produción, deixándoos nunha situación de total indefensión.

Coa constancia da necesidade de produto por parte da industria que, agora mesmo, ve á Galiza como o único territorio do Estado que garantirá a subministración a medio-longo prazo, máis tendo en conta que o Estado español é deficitario en leite, cómpre que as distintas administracións con competencia nesta materia actúen con celeridade.

É prioritario asegurar o cumprimento da Lei da Cadea Alimentar e que as e os gandeiros galegos reciban un prezo polo leite que cubra o custo e, no mínimo, o mesmo prezo que se está a pagar no resto aos produtores do resto do Estado.

Ademais, o Goberno debe promover o diálogo coa industria láctea e participar das negociacións para evitar unha posíbel baixada do prezo que tería un impacto inasumíbel para as explotacións e asegurar unha remuneración xusta. Do contrario, a administración estará a consentir coa súa inactividade a situación de indefensión e impotencia pola falta de capacidade de negociación na fixación dos prezos. En definitiva, é urxente que o Ministerio de Agricultura,



pesca e Alimentación asegure o cumprimento da Lei da Cadea Alimentar e defenda os intereses dun sector de vital importancia na Galiza, tanto a nivel económico como territorial.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que accións levou ou vai levar a cabo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para impedir a forte baixada de prezos do leite en orixe que se prevé na firma dos novos contratos a finais do mes de marzo e que non responden a unha baixada dos custos de produción?
2. Mantivo contactos coa industria láctea para informarse dos motivos da baixada de prezos nos novos contratos e requirir que se manteñan?
3. Que valoración fai o Ministerio de que a Galiza sexa a maior produtora de leite do conxunto do Estado mais, no entanto, as e os produtores galegos sexan os que reciben un menor prezo por litro de leite en orixe?
4. Comparte o Ministerio de Agricultura que o mantemento do sector leiteiro galego é fundamental para o futuro da industria a medio e longo prazo e que, para iso, é imprescindible asegurar un prezo xusto as e os produtores?
5. Despregará o Ministerio de Agricultura todas as medidas de control e supervisión establecidas na Lei da Cadea Alimentar para asegurar unha remuneración xusta aos produtores e produtoras de leite?
6. Que medidas adoptará para reforzar a posición negociadora das e dos produtores fronte á industria e garantir que se estableza un prezo que cubra os custos de produción?



7. Comparte que, atendendo agora ao incremento dos custos de produción derivados do proceso de inflación despois da guerra dos EUA e Israel en Oriente Medio é máis urxente que nunha asegurar que os novos contratos contemplen esta realidade?

Madrid, a 20 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso